



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

# PROPOSTA DA ALCALDIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES DA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE CATRO PEÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAISS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAISS, DURANTE A CAMPAÑA DE INCENDIOS 2014, A XORNADA COMPLETA.

## PRIMEIRA.- Obxeto da convocatoria.-.

Comprende a convocatoria a provisión polo procedemento de concurso-oposición libre, de 4 prazas de Peóns de Brigada para prevención e extinción de incendios, en réxime laboral temporal a xornada completa, durante un período de 3 meses.

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Lourenzá, e polo Distrito Forestal VI, acordo coas instruccions recibidas ao efecto.

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de obra ou servizo, a xornada completa, con data prevista de inicio antes do día 31 de Xullo de 2014 e finalización antes do día 31 de Outubro de 2014, con turnos, incluíndo como días de traballo os fines de semana e festivos. O convenio de colaboración pola Consellería do Medio Rural e o Concello de Lourenzá determina que este persoal debe ter unha disposición absoluta polas emerxencias que se poidan producir, debendo respectarse este extremo por parte dos traballadores de maneira escrupulosa.

As retribucións brutas mensuais serán de **824,87 €**.

## SEGUNDA.- Condicóns dos aspirantes.-.

Para seren admitidos ao presente concurso os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser nacional ou nacional dun dos restantes Estados membros da Unión Europea ou daqueles Estados aos que lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos previstos na Lei Estatal que regula esta materia.
- b) Ter cumplidos os 18 anos e non superar os sesenta anos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias.
- c) Estar en posesión do **certificado de escolaridade** (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano Competente).
- d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño do posto. **Declaración xurada das condicións físicas do aspirante, conforme ao modelo do Anexo III que acompaña a estas bases.** Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou Emprego Público, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentencia firme.



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

- f) Os nacionais dos demais Estados a que fai referencia o apartado a) deberán acreditar, ademais da súa nacionalidade e dos requisitos a que fan referencia os apartados anteriores, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública. Dita acreditación efectuarase mediante certificados expedidos polas autoridades competentes dos seus países de orixe.
- g) **Estar en posesión do carné de conducir B.**

Tódolos requisitos anteriores deberán acreditarse no momento da selección.

As persoas seleccionadas deberán presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de peón de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais antes da dación de alta na seguridade social.

### **TERCEIRA.- Instancias e Admisión.-**

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberan facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo II, dirixida á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto do traballo convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

O prazo de presentación de instancias é do **Xoves 03 de Xullo ata o Xoves 10 de Xullo de 2014, en horario de 8:30 a 15:00 horas nas Oficinas Municipais.**

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá ou mediante algunha das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coa modificación introducida pola Lei 4/99, sempre e cando o Concello teña coñecemento da presentación dessa documentación na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes(neste caso remitirse a documentación de solicitude, ao concello, vía fax, antes ou o día en que remate o prazo de presentación de instancias).

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Instancia de solicitude segundo o modelo Anexo II.
- Fotocopia do D.N.I. (no seu defecto, resgado do D.N.I. ou pasaporte).
- Fotocopia da titulación requerida para o acceso ao posto.
- Fotocopia do carné de conducir B.
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados para o acceso ao posto na Cláusula 2<sup>a</sup> d) e e). segundo o modelo do Anexo III.
- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia. (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

### CUARTA.- Comisión de Valoración.-

A comisión de Valoración designarase por resolución da Alcaldía, debendo estar integrado, segundo o establecido no Art. 60 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, pola que se regula o Estatuto Básico de Empregado Público e demais normativa relacionada: un presidente, tres vogais e un secretario, cos seus respectivos suplentes.

A comisión poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunas das probas. Ditos asesores limitaranse á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz, pero sen voto.

A comisión resolverá por maioria de votos dos membros presentes, tódalas dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas Bases e determinará a actuación procedente nos casos non previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992 de 26 de Novembro.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, notificándoo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos, conforme establece o artigo 29 do citado Corpo Legal.

A actuación da comisión haberá de axustarse estritamente ás Bases da Convocatoria.

### QUINTA.- Actuación dos aspirantes.-

A orde de actuación dos aspirantes nos exercicios que non se podan realizar conxuntamente será por orden alfabético.

### SEXTA.- Procedemento de selección.-

O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases diferenciadas, celebrándose en primeiro lugar a fase de oposición, que será previa á de concurso.

### SÉTIMA.- Exercicios e Baremo de méritos.-

A fase de oposición constará da realización das seguintes probas:

- a) **Proba de aptitude física:** Realizarase a proba do banco conforme se detalla no Anexo I, requiriéndose unha puntuación igual a 40 como mínimo, quedando eliminado do proceso selectivo en caso de non acadar a citada puntuación. Esta proba puntuarase de 5 a 10 puntos, outorgándose o 10 á persoa que maior capacidade aeróbica obteña e 5 ao menor, e ao resto proporcionalmente. Os/as aspirantes no poderán nin fumar, nin beber, nin comer antes da proba.
- b) **Probas optativas:** Só se realizarán no caso de que o número de aspirantes que superen a proba de aptitude física sexa superior ao número de prazas. Consistirán en:
  - a. *Exame de coñecementos:* realizarase nun prazo de 20 minutos un test de oito preguntas con tres respuestas alternativas por pregunta para sinalar a



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

correcta, relativo ás actividades de extinción, ferramenta e organización, así como temas de protección dos ecosistemas forestais. Puntuarse de 0 a 5 proporcionalmente ao número de respuestas correctas, a razón de 0.625 puntos por respuesta correcta. Restaranse 0.30 puntos por cada respuesta incorrecta mentres que as respuestas en branco non puntuarán nin positivamente nin negativamente.

- b. Proba práctica: esta fase consistirá na realización dunha proba de manexo de ferramentas e desbroce, consistente na roza de matorral baixo abrindo unha liña ata o solo mineral de 0,5 m de ancho por 10 m de largo, valorándose de 0 a 5 puntos (cero, se tarda máis de vinte minutos, e cinco, se tarda menos de 10 minutos). Para a realización da proba poderán traer maquinaria propia se así o desexan, sen perxucio de que o concello lle la facilite.

Sumando ambas probas deberá acadarse unha puntuación mínima de 5, sen ningún cero.

- c) Na **fase de concurso**, a Comisión de Valoración examinará os méritos presentados coa instancia polos aspirantes aprobados na fase de oposición e calcificarán con arranxo ao seguinte baremo:

1. Pertencer a algúns dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral dos establecidos como preferentes no art. 11.5. da Orde do 29/02/12:
  - 1) Mulleres: 1 punto.
  - 2) Menores de 30 anos: 1 punto.
  - 3) Persoas paradas de longa duración (antigüidade maior a 6 meses no caso de menores de 30 e maiores de 45 anos e dun ano para o resto de grupos de idade): 1 punto. Será acreditado mediante tarxeta de desemprego.
  - 4) Maiores de 45 anos: 1 punto.
  - 5) Desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.(acreditarase mediante certificado do Servizo Público de Emprego): 1 punto.
2. Cercanía da residencia a este municipio: Dado o tipo de traballo a realizar e a dispoñibilidade do contratado para a súa incorporación ao posto de traballo en momentos de urxencia/emergencia, así como polo coñecemento do termo municipal, valorarase o lugar de residencia habitual na seguinte escala:

Por pertencer ao propio Concello de Lourenzá puntuarse con 2 puntos. Esta puntuación reducirase en 0,5 puntos por cada 10 km de distancia entre a vivenda donde esté empadroad o aspirante e a praza do Concello de Lourenzá, ata un máximo de 40 km, a partir de ahí a puntuación será de 0 puntos. Para a determinación destas distancias empregarase a ferramenta Google Maps coas súas rutas por defecto. Será acreditado mediante certificado de empadroamento.
3. Estar en posesión da Certificación en lingua galega, segundo o nivel: Celga 1 (0,5 puntos), Celga 2 (1 punto), Celga 3 (1,5 puntos) e Celga 4 (2 puntos). Será acreditado mediante a correspondente certificación.



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

4. Por experiencia profesional: Experiencia previa como peóns ou brigadistas, acreditado con contratos de traballo ou certificados de empresa indicando posto e duración do contrato (orixinais ou copia autenticada) xunto co certificado da Seguridade Social (informe de vida laboral, orixinal ou fotocopia autenticada), a razón de 0.10 puntos por mes completo traballado, ata 2 puntos.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

Entre os/-as aspirantes declarados aptos, serán propostos para os postos de traballo convocados os que teñan maior puntuación na fase da oposición e na fase de concurso, quedando o resto en lista de espera, aos efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

No caso de producirse empate entre aspirantes con puntuacións conducentes á obtención de praza realizarase unha entrevista persoal.

### OITAVA.- Cualificación de exercicios.-

A puntuación total do proceso selectivo será a suma da puntuación obtida en cada fase.

### NOVENA.- Relación de aprobados e presentación de documentos.-

Rematada a cualificación dos aspirantes determinarase a orde de clasificación definitiva, efectuada a cal a Comisión de Valoración, tendo en conta que o número de aprobados non pode superar o de prazas convocadas, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello nas Dependencias da Casa Consistorial; anuncio no que apareza o resultado final das probas, con expresión dos nomes e apelidos dos aspirantes que maior puntuación obtiveran e que por conseguinte propónense para nomeamento como Peóns de Brigada, nomeando como Peón Conductor ao candidato coa puntuación más alta, elevando dita proposta á Sra. Alcaldesa-Presidente do Concello como órgano competente da Corporación. Asemade elaborarase unha relación de reservas por orde de puntuación obtida por se fose preciso cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as durante o período polo que dura o contrato.

As persoas propostas para o nomeamento, se a Comisión de Valoración o estimase convinte, deberán someterse a exame médico (no centro indicado polo Concello) para comprobar as condicións físicas dos aspirantes, declaradas para presentarse ao proceso selectivo. Aquel aspirante que non superara o recoñecemento médico será excluído automáticamente e non poderá asinar o contrato coa Administración efectuándose nomeamento a favor do aspirante que, superando a puntuación mínima esixida en cada un dos exercicios da oposición, siga a orde de clasificación final ao proposto. Todo elo sen perxuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

Os aspirantes propostos están obrigados a presentar na Secretaría do Concello, dentro do prazo de dous días naturais seguintes ao de dita publicación, os documentos necesarios que se lle requirran polo Concello para formalizar o contrato de traballo.

Se dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, algúns dos aspirantes propostos non presentaran a súa documentación ou non reuniran algún dos requisitos citados, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte nas probas. Neste caso a Sra.



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

Alcaldesa-Presidente efectuará nomeamento a favor do aspirante que, superando a puntuación mínima esixida en cada un dos exercicios da oposición, siga a orde de clasificación final ao proposto.

### DÉCIMA.- Nomeamento e formalización do contrato.-

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos/as aspirantes propostos/as pola Comisión de Valoración, e será nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de nomeamento.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requeridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e poderá quedar sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

### UNDÉCIMA.- Incidencias.-

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e demás lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Excepto a convocatoria, que se publicará segundo o que se establece na base 3<sup>a</sup>, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de anuncios nas dependencias da Casa Consistorial e na páxina web [www.concellodelourenza.es](http://www.concellodelourenza.es).

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como, da actuación da Comisión de Valoración poderán ser impugnados polos/as os/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, procederase a impor Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpor Recurso Contencioso-Administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do Recurso de Reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para interposición do Recurso Contencioso-Administrativo será de 6 meses contados dende o día seguinte á aquel no que se produza a desestimación presunta do Recurso de Reposición interposto.

Todo isto sen perxuizo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

A Alcaldesa-Presidente  
Asdo.: Emma Alvarez Chao



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

## ANEXO I

Recomendación sobre Procedimientos para la selección de personal para la extinción de incendios forestales CLIF (Comité Lucha Contra Incendios Forestales, de carácter nacional)

### PRESENTACIÓN

En el año 1993 la Comisión Técnica ICONA/CCAA para Normalización sobre Incendios Forestales elaboró una Recomendación para la contratación del personal de las brigadas de extinción en la que se enumeraba el equipo personal de protección y se daban orientaciones básicas sobre el mismo.

La evolución, tanto de la normativa de seguridad laboral, como de la tecnología de protección, hizo que el Comité de Lucha contra Incendios Forestales (CLIF) en su reunión del 26 de mayo de 1999 acordara la realización de un estudio sobre selección del personal, equipo de protección y herramientas de uso directo por los combatientes o bomberos forestales.

En la reunión del CLIF de 30 de marzo de 2000 se presentó dicho estudio. A la vista de sus conclusiones, se acordó la constitución de un Grupo de Trabajo, en el que se integraran todos los representantes de CCAA que lo desearan, para elaborar Recomendaciones sobre estos temas.

Este Grupo de Trabajo, previo intercambio de documentación, se reunió en Madrid el 24 de abril de 2001 y en Valencia el 21 de noviembre del mismo año. Los documentos elaborados en los que se han recogido las observaciones recibidas, se han circulado finalmente hasta el 31 de enero de 2002.

El texto de la presente Recomendación es el resultado de las aportaciones hechas durante este proceso.

Este documento describe Procedimientos recomendados para la selección de personal para la extinción de incendios forestales, entre los cuales las Administraciones pueden escoger el que consideren más adecuado según sus condiciones.

El texto de esta Recomendación tendrá validez por dos años a partir de la reunión del CLIF de 9 de abril de 2002, salvo que este Comité decida modificarlo antes o prorrogar su vigencia.

La prueba tal como la conocemos hoy tiene su origen en otra de igual protocolo de administración pero de distinto método de cálculo. Esta prueba original fue elaborada por fisiólogos suecos y basaban el cálculo del consumo máximo de oxígeno en el modelo matemático  $VO2\text{max} = (118)(10) - 0.0125P - (E-25)/5$ , donde P es el número de pulsaciones en 15 sg. y E la edad del individuo.

Este modelo obvia el peso de la persona, factor que si se tiene en cuenta con los actuales modelos.

La prueba del escalón del Forest Service requiere que alguien suba y baje repetidamente de un banco durante un periodo de 5 min. El consumo máximo de oxígeno se pronostica en base al sexo, intensidad del esfuerzo, la frecuencia cardiaca, el peso corporal y la edad.

### PROTOCOLO:

Disponer el metrónomo a una cadencia de 90 pulsaciones por minuto (22,5 ciclos de subir y bajar del banco cada minuto).

Usar un banco de 40 cm de altura para hombres y uno de 33 cm para mujeres.

Comenzar la prueba del banco subiendo y bajando del mismo en cadencia con el metrónomo. Cada cuatro pulsaciones del metrónomo representan un ciclo completo de subir y bajar del banco. Cada pulsación del metrónomo representa un solo paso como sigue:

- Subir al banco con el pie derecho.
- Subir al banco con el pie izquierdo.
- Bajar del banco con el pie derecho.
- Bajar del banco con el pie izquierdo.

El pie delantero debe cambiarse varias veces durante la prueba. Procurar extender las piernas en el punto mas elevado de cada ascensión al banco.



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272



Efectuar la prueba durante 5 min.

Al final de los 5 min. Sentarse inmediatamente y tomar el pulso.

Sentarse tranquilamente durante 15 sg.

Medir los latidos durante 15 sg., entre el segundo 15 y 30 después de 5 min. de la prueba.

Usar el peso del propio cuerpo y el valor del pulso obtenido entre los 15 y 30 sg.

Después de la prueba para calcular por tablas (hombres y mujeres) el consumo máximo de oxígeno no compensado con la edad en unidades de ml. Kg-1. Min-1. (**Coeficiente de Salud**)

Con el valor de coeficiente de salud y la edad, calculamos el valor del consumo máximo de oxígeno compensado en unidades de ml. Kg-1.min-1 (**Capacidad Aeróbica**).

Los cálculos de consumo máximo de oxígeno se pueden efectuar según las tablas desarrolladas por el Equipment Development Center, USDA, S.F. (United States Department of Agriculture, Forest Service), que son las que se han venido utilizando normalmente

- Mayor de 40 APTO.
- Menor de 40 NO APTO



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

### Prueba del banco. Coeficiente de salud para hombres

Pulsaciones durante 15 sg.	44	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	32
	44	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33
	43	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
	42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
	41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
	40	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
	39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37
	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38	38
	37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39	39
	36	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40	40
	35	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
	34	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	33	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44	44
	32	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
	31	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	30	49	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48	48
	29	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
	28	53	53	53	52	52	52	52	52	52	51	51	51	51
	27	55	55	54	54	54	54	54	54	53	53	53	53	52
	26	57	57	56	56	56	56	56	56	55	55	54	54	54
	25	59	58	58	58	58	58	58	58	56	56	55	55	55
	24	60	60	60	60	60	60	59	59	58	58	58	57	
	23	62	62	61	60	61	61	60	60	60	59			
	22	64	64	63	63	63	63	62	61	61	61			
	21	66	66	65	65	65	64	64	64	62				
	20	68	68	67	67	67	67	66	66	65				
	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120	130	

Peso corporal (kg)



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

**Tabla de capacidad aeróbica ajustada a la edad**

Coeficiente de salud.	72	76	73	72	71	69	68	66	64	62	60	58
	71	75	72	71	70	68	67	65	63	61	59	57
70	74	71	70	69	67	66	65	63	62	60	58	56
69	72	70	69	68	66	65	64	61	59	57	55	55
68	71	69	68	67	65	64	63	61	59	57	55	54
67	70	68	67	66	64	63	62	59	58	56	54	54
66	69	67	66	65	63	62	61	58	57	55	54	54
65	68	66	65	64	62	61	60	58	56	54	53	53
64	67	65	64	63	61	60	59	57	55	53	52	52
63	66	64	63	62	60	59	58	56	54	52	51	51
62	65	63	62	61	59	58	57	55	53	51	50	50
61	64	62	61	60	58	57	56	54	53	51	50	50
60	63	61	60	59	57	56	55	53	52	50	49	49
59	62	60	59	58	56	55	54	53	51	49	48	48
58	61	59	58	57	55	54	53	52	50	48	47	47
57	60	58	57	56	54	53	52	50	49	47	46	46
56	59	57	56	55	53	52	51	50	48	46	46	46
55	58	56	55	54	52	51	50	49	47	46	45	45
54	57	55	54	53	51	50	49	48	46	45	44	44
53	56	54	53	52	50	49	48	47	46	44	43	43
52	55	53	52	51	49	48	47	46	45	43	42	42
51	54	52	51	50	48	47	46	45	44	42	41	41
50	53	51	50	49	47	46	45	45	43	42	40	40
49	51	50	49	48	46	45	44	44	42	41	39	39
48	50	49	48	47	45	44	43	43	41	40	38	38
47	49	48	47	46	44	43	42	42	40	39	38	38
46	48	47	46	45	43	42	41	41	40	38	37	37
45	47	46	45	44	42	41	40	40	39	37	36	36
44	46	45	44	43	41	40	39	39	38	37	35	35
43	44	43	42	40	39	38	38	38	37	36	34	34
42	44	43	42	41	39	38	37	37	36	35	33	33
41	43	42	41	40	38	37	36	36	35	34	32	32
40	42	41	40	39	37	36	35	35	34	33	31	31
39	40	39	38	36	35	34	34	34	33	32	30	30
38	39	38	37	35	34	33	33	33	32	31	29	29
37	39	38	37	36	34	33	32	32	31	30	28	28
36	38	37	36	35	33	32	31	31	30	28	27	27
35	37	36	35	34	32	31	30	30	29	27	26	26
34	35	36	35	33	31	30	29	29	28	26	25	25
33	34	33	32	30	29	28	28	28	27	25	24	24
32	34	33	32	31	29	28	27	27	26	25	24	23
31	33	32	31	30	28	27	26	25	24	23	22	22
30	32	31	30	29	27	26	25	24	23	22	21	21

**Edad mas próxima**



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

### ANEXO II

#### MODELO DE INSTANCIA

D/Dona ..... con D.N.I. nº .....  
con endereço .....  
..... C.P. ....  
Localidade ..... Teléfono .....

#### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de catro prazas de Peón de Brigada.

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumplindo os requisitos de acceso da Base 2<sup>a</sup>.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación cotexada:

Fotocopia D.N.I.

Fotocopia Carné.

Fotocopia titulación.

Declaración xurada específica dos requisitos contemplados para o acceso ao posto na Cláusula 2<sup>a</sup> d) e e), segundo o modelo Anexo III.

Documentación acreditativa de méritos

#### SOLICITA:

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

En Lourenzá, a ..... de ..... de 2014

Asdo.:.....

**Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ**



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

### ANEXO III

D/Dona ..... con D.N.I. nº .....  
declaro baixo xuramento, estar nas condicións físicas suficientes para desenrolar o posto  
de Peón de Brigada no Concello de Lourenzá.

Declaro baixo xuramento, que non padezo lesións de corazón, pulmón ou intestinais,  
nin trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades  
infecciosas e obesidade, nin cegueira e xordeira.

Declaro baixo xuramento, non estar separado mediante expediente disciplinario do  
servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das  
funcións por sentencia firme.

En Lourenzá, a ..... de ..... de 2014

Asdo.:.....

(No caso de ser muller haberá de engadirse na declaración non estar embarazada)